

RESUMO DAS MESAS REALIZADAS E PLAN DE TRABAJO

5 de abril de 2019.-

Presentación en Sergude (Boqueixón), no Pazo de Quián, nas instalacións da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) **da posta en marcha da Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo Galego, e constitución dos integrantes das mesas de traballo.** Asisten o Conselleiro do Medio Rural e o director xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, representantes da industria láctea con presenza en Galicia, de cooperativas, da distribución, de organizacións agrarias, sindicatos, gandeiros, asociacións de gandeiros, representantes dos Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe Protexida de queixos de Galicia, da Fundación Juana de Vega -entidade colaboradora da Consellería na elaboración da estratexia-, e de outras entidades e organizacións relacionadas co sector lácteo. En total ao redor de 40 axentes relevantes do sector lácteo galego.

Nesta reunión faise unha presentación da metodoloxía de traballo a empregar nas mesas para a elaboración da estratexia, dos principais temas a abordar e dos obxectivos a acadar, así como do horizonte temporal para a elaboración da mesma que se establece en aproximadamente doce meses.

13 de maio de 2019.-

Primeira reunión de traballo efectiva para a elaboración da estratexia. Asisten os axentes indicados no punto anterior, abordando en diferentes mesas, polas que pasan todos os participantes, os seguintes temas:

- Mesa 1.- Principais debilidades/ameazas e fortalezas/oportunidades do sector lácteo no tecido produtivo.
- Mesa 2.- Principais debilidades/ameazas e fortalezas/oportunidades do sector lácteo no tecido industrial.
- Mesa 3.-Principais debilidades/ameazas e fortalezas/oportunidades da estrutura comercial, consumo e mercados.

Tómase nota de todas as achegas e faise unha presentación das conclusións alcanzadas en cada mesa. O obxectivo desta reunión foi o de elaborar unha diagnose estratéxica do sector lácteo galego coa finalidade de propor na estratexia medidas ou accións que axuden a corrixir as debilidades, afrontar ameazas, manter as fortalezas actuais do sector e aproveitar as oportunidades que se presentan. Esta xuntanza tamén permitiu fixar os temas relevantes a tratar nas vindeiras reunións, que se van a indicar nos seguintes parágrafos.

3 de xullo de 2019.-

Segunda reunión de traballo. Como na anterior reunión, son convocados con carácter previo todos os axentes das xuntanzas anteriores, aos que se lles remitiu os resultados, elaborados en gabinete pola Fundación Juana de Vega, da reunión celebrada o día 13 de maio.

Segundo a metodoloxía de traballo desenvolvida na primeira reunión, abórdanse os seguintes temas:

Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo Galego

- Mesa 1.- Relevo xeracional nas explotacións lácteas.
- Mesa 2.- Reorientación produtiva e xeración de valor na cadea.
- Mesa 3.- Promoción de produtos lácteos.

Transcorridos os tempos establecidos para os debates nas mesas, procédese á lectura das conclusións recollidas, que posteriormente serán procesadas e elaboradas en gabinete pola Fundación Juana de Vega. Deste traballo, resultaron un total de 28 propostas, medidas ou accións:

- **12 para facilitar ou incentivar o relevo xeracional e a sucesión nas explotacións**, para evitar que pechen explotacións viables no rural. Entre elas, o establecemento de incentivos á compra ou ao aluguer das explotacións, aumentar a idade para ser beneficiario das axudas para a incorporación de persoas mozas, a creación dun servizo público de intermediación que facilite o relevo xeracional ou adaptar as formas xurídicas das explotacións ao contexto mercantil, entre outras.
- **8 dirixidas á reorientación produtiva das explotacións e á xeración de valor na cadea láctea**, como incrementar o leite producido baixo marcas de calidade como o de pastoreo, o ecolóxico, mellorar a capacidade de transformación industrial instalada en Galicia cara a produtos de valor engadido ou adaptar e desenvolver novos formatos dos queixos que faciliten a súa posta no mercado, entre outras.
- **8 orientadas á mellorar a promoción dos produtos lácteos**, co fin de aumentar o seu consumo, destacar os seus beneficios para a saúde, e mellorar a imaxe do sector.

13 de Setembro 2019.-

Terceira reunión de traballo. Nesta reunión, seguindo a mesma metodoloxía, abórdanse as seguintes temáticas:

Mesa 1.- Formación, asesoramento e investigación na produción.

Mesa 2.- Paquete lácteo.

Mesa 3.- Interlocución produción-industria-distribución.

Nestes momentos estanse procesando en gabinete os resultados dos traballos nas mesas.

AVANCE CALENDARIO DE PRÓXIMAS REUNIÓN E DE TEMAS A TRATAR:

Outubro – novembro 2019

Mesa 1.- Asociacionismo entre gandeiros.

Mesa 2.- Formación, investigación e man de obra na industria.

Mesa 3.- Sensibilización da sociedade da importancia do sector.

Decembro 2019 – xaneiro 2020

Mesa 1.- Aspectos medioambientais e benestar animal.

Mesa 2.- Necesidades/medidas para o sector na nova PAC.

Mesa 3.- Acceso a mercados exteriores e novos nichos de mercado.

Xaneiro 2020.- Presentación da diagnose do sector.

Marzo 2020.- Presentación do borrador da estratexia e recollida de achegas.

Maio 2020.- Presentación documento final da estratexia.